

O Instituto da Lingua Galega

O Instituto da Lingua Galega (ILG) é un centro universitario de investigación lingüística creado pola Universidade de Santiago de Compostela na primavera de 1971, co norte de promover o cultivo e a normalización da lingua galega e de progresar na súa investigación sincrónica e diacrónica.

As preto de catro décadas de traballo ininterrompido a prol da investigación, divulgación e normalización da lingua galega, converten o ILG nun dos institutos de investigación máis antigos dos creados pola Universidade de Santiago de Compostela, o que equivale a dicir do tecido universitario galego. Desde o ano 1984, o ILG ocupa un edificio histórico no corazón de Compostela (Praza da Universidade 4), no lugar que foi morada, por breve tempo, de Rosalía de Castro e Manuel Murguía, e de forma máis prolongada de Antonio López Ferreiro.

Obxectivos

O obxectivo do Instituto da Lingua Galega, declarado desde a súa fundación, é prestar un servizo público nos seguintes ámbitos, sempre en relación coa lingua galega:

- Desenvolver a investigación científica e técnica en todos os campos da lingüística e filoloxía galegas.
- Poñer á disposición da sociedade e da comunidade de investigadores, nacional e internacional, os resultados das investigacións e o coñecemento sobre a lingua galega.

- Promover o desenvolvemento de ferramentas tecnolóxicas que poidan ser de aplicación para a investigación sobre a lingua galega e para a mellor difusión dos seus resultados.
- Realizar actividades docentes e formadoras relacionadas coa lingua galega por medio de programas de doutoramento, cursos de especialización, cursos de formación continua ou seminarios.
- Prestar asesoramento técnico sobre a lingua galega a institucións, colectivos e persoas particulares.
- Promover e colaborar na organización de debates, xornadas, congresos, reunións científicas, seminarios e actividades análogas que estean en conexión coa natureza e funcións propias do ILG.
- Contribuír á estandarización e á normalización da lingua galega na sociedade.

Consonte o espírito que o anima desde os seus inicios, a prol da colaboración institucional e da cohesión do tecido intelectual galego, o ILG mantén relacións de colabo-

ración continuada con distintos centros de investigación e entidades, públicos e privados, galegos e foráneos.

Os investigadores

O cadro de investigadores do ILG confórtese como segue:

- O cerne constitúeno profesores da USC que desenvolven neste centro algún proxecto de investigación, dentro da súa dedicación universitaria ou a maiores dela, sempre sen remuneración.
- Investigadores-colaboradores doutras universidades ou doutros centros de investigación que colaboran asiduamente en proxectos ou programas do ILG, sen remuneración.
- Investigadores contratados para programas específicos e persoal de apoio á investigación, todos con estrita limitación temporal e con cargo a convenios e proxectos subvencionados.
- Titulados en período de formación investigadora integrados nos equipos de investigación do ILG.



Sede do Instituto da Lingua Galega
na Praza da Universidade, 4
de Santiago de Compostela



- Investigadores non pertencentes á comunidade universitaria que forman parte do equipo dalgún proxecto, sen relación contractual e sen remuneración.

Actividades e servizos

Durante o ano 2007 o ILG participou en 35 proxectos de investigación, a cargo de equipos propios ou en colaboración con investigadores doutros centros, nacionais e estranxeiros.

[Remitimos para os detalles ás memorias anuais, que recollen a actividade do ano anterior; poden consultarse na web <http://www.usc.es/ilgas/>. No mesmo lugar pode consultarse a relación de encontros científicos e de publicacións de todos os membros.]

Entre as actividades e resultados son salientables os distintos proxectos de recollida e preparación de materiais lingüísticos dialectais, e entre eles a cartografía lingüística e o arquivo do galego oral; os corpora lingüísticos postos a disposición dos investigadores en aberto a través de internet, nomeadamente TILG e TMILG; os varios proxectos lexicográficos, entre os que sa-

lientamos polo impacto os distintos Dicionario de dicionarios; as diferentes liñas de onomástica, en particular o servizo Cartografía dos apelidos galegos, que ten un grande éxito; as edicións de textos e obras medievais ou da monumental obra de Sarmiento; os traballos de fonética experimental e de prosodia; os distintos proxectos de gramática galega (histórica e moderna) e de gramática contrastiva (portugués-galego); e, finalmente, a recuperada liña da sociolingüística.

O ILG participa na organización de distintos encontros científicos. Ademais, organiza seminarios formativos para investigadores e convoca anualmente un simposio, que se celebra no outono e se publica no ano seguinte. O de 2007 ocupouse dos problemas da oralidade; o do ano 2008 xirará arredor da distribución espacial das formas toponímicas e do aproveitamento lingüístico desta información.

O ILG foi creando unha boa biblioteca de lingüística e cultura galegas. Como biblioteca de investigación, non ten servizo de préstamo, pero está aberta aos investigadores que se achegan a ela; o catálogo está preparado para ser consultado en breve a través de internet.

Datos de identificación

Directora:

Rosario Álvarez

Secretario:

Xulio C. Sousa Fernández



Instituto da Lingua Galega

Praza da Universidade, 4

15782 Santiago de Compostela

<http://www.usc.es/ilgas>

Tel. 981 563100 (Directora 12810, Secretario 12802, Administración 12815, Biblioteca 12813)

Fax 981 572770

ilgsec@usc.es